

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 09/04/2021 13:41:43

SAIDA

5628/21

D. Oscar Vilar Chento
psoeopino@gmail.com

Expediente: N.9 [REDACTED]

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2021

Estimado Sr. Vilar :

Nesta institución iniciouse a queixa arriba indicada como consecuencia do seu escrito, O día do 28 de outubro formulamos a ese concello un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos:


“Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude de exercizo do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se houbera presentado.

Cando non poda facilitarse a información no momento da notificación da resolución de solicitude da mesma, deberá facilitarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días”.

A necesidade de resposta foi reiterada os días 4 de xaneiro e 9 de febreiro.

Pois ben, dado o período de tempo transcorrido dende a primeira comunicación na que indicábamos a necesidade de dar resposta á resolución e tendo presente tamén o número de reiteracións do anterior requirimento, o día de hoxe advertimos ao *concello* que, no suposto de non recibir da Administración afectada a resposta aínda pendente **no prazo de 5 días**, entenderíamos desatendida a obriga legal contida no artigo 32.2 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, e rexeitada de xeito tácito a resolución. Por iso, procederíamos de acordo co disposto no artigo 33.2 da citada Lei, que sinala que **se non se obtivera unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluírase no Informe Anual ou Especial correspondente, con mención do nome ou nomes das autoridades ou funcionarios que persistan nesta actitude**, de considerarse que era posible



Valedora
do Pobo
Galicia

unha solución positiva e esta non se dera. Así pois, no mencionado Informe dirixido ao Parlamento de Galicia subliñaríase esta circunstancia.

Poñerémonos de novo en contacto con vostede unha vez que *o citado concello* nos remita a resposta, dándolle conta da nosa actuación e, se é posible, da solución do seu problema.

Agradézolle a confianza que nos demostra e *saúdo* atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo